

Tema 9.2. O S. XIX. IMPRESIONISMO E POSIMPRESIONISMO

AS OBRAS OBXECTO DE ESTUDIO para as ABAU

1. Manet: *O almuerzo campestre*
2. Monet: *Impresión, sol nacente. A serie da catedral de Rouen.*
3. Cezanne: *Natureza morta con tarteira* (Colección Sr. y Sra. Lacomte, París 1879-1882. Búscase na Internet pondo en Google: "Still Life with Compotier+Cezanne).
4. Cezanne: *Os xogadores de cartas.*
5. Van Gogh: *A noite estrelada.*
6. Gauguin: *Despois do sermón.*
7. Gauguin: *O Mercado.*
8. Seurat: *A tarde de domingo na Grande Jatte.*
9. Camille Claudel. *L'Age mûr* ou A idade madura. C. 1898-1899. Musée d'Orsay

CONTEXTO HISTÓRICO ARTÍSTICO

O S. XIX

Na 2ª metade do s. XIX, triunfan en Europa a Revolución Industrial e o Estado liberal, situando á burguesía como clase dominante. Unha época de grandes cambios sociais, coa aparición do proletariado coma clase social, que vai habitar nas cidades, co forte desenvolvemento urbano e cos novos problemas que vai xurdir nas cidades.

Mais cómprenos falar de Francia, xa que este país, e París en particular, vaise converter no centro artístico de Europa.

Francia, rexida por Napoleón III no Segundo Imperio, atopábase en pleno desenvolvemento, co crecemento das forzas produtivas, da ciencia e da tecnoloxía. Froito disto, xurdirá e expandirase unha invención, a fotografía, que influirá notablemente na reflexión sobre o sentido da arte.

A derrota na guerra franco-prusiana en 1870, suporá o afundimento do Segundo Imperio e o inicio da III República, fronte a unha Alemaña que emerxe como grande potencia no continente.

Mais o país galo, malia a inicial conflitividade social e política (A Comuna de París), consolidarase coma Estado liberal, potencia económica e cabeza dun Imperio e, como xa indicamos, centro artístico de Europa.

Contexto artístico

Na segunda metade do s. XIX na pintura búscase a representación fiel da realidade.

Así xorde o estilo artístico coñecido coma **Realismo**:

- Representación fiel da realidade.
- Temas: clases sociais baixas, anónimas e a paisaxe.

Neste século consolidáronse os Salóns ou Exposicións Nacionais, a través das cales o Estado recoñecía oficialmente o talento dos artistas, quen gañaban recursos económicos e prestixio de ser aceptados, mais tamén se expoñían á marxinación de non se adaptar os gustos imperantes e á tendencia conservadora. Deste xeito, o Estado francés impuña uns códigos e unha linguaxe artística que pode ser definida como oficial, e que tivo a súa resposta na organización de exposicións paralelas e alternativas.

Napoleón III tivo que realizar unha concesión significativa en 1863, cando se permitiu a organización dunha exposición que acollía as obras non admitidas no Salón Oficial, o coñecido como "*Salón dos Rexeitados*".

- As innovacións industriais aportan pigmentos e pinturas que os pintores xa non preparan, o que vai posibilitarlles pintar ao aire libre.
- O desenvolvemento dos transportes, froito da Revolución Industrial, coa aparición do ferrocarril vai permitir os pintores saír ao campo, viaxar e coñecer outras obras, formar grupos e tendencias.
- Influencia da arte xaponesa.
- Influencia da fotografía na pintura.

Nesta situación desenvólvese, desde mediados do século, estilos como o Realismo e xorde o Impresionismo, arte da pequena burguesía.

O IMPRESIONISMO

O **Impresionismo** vai culminar, ao final de século, o camiño da pintura occidental iniciado a comezos do s. XV: a captación da realidade; comezando a arte do s. XX.

O Impresionismo é o final dun proceso e comezo dunha arte nova.

Sendo **movemento pictórico**, tivo manifestacións noutros campos :

- Debussy na música.
- Rodin na escultura.
- Zola ou Blasco Ibañez na literatura.

Como características comúns coa pintura, atopamos:

- A preocupación pola captación do real, da atmosfera e da luz.
- A técnica solta, lixeira, de toques vibrantes que o espectador sintetiza no seu cerebro.

Como movemento pictórico xorde con Manet e Monet nun faladoiro no café Guerbois de París con Sisley, Renoir, Degas e Pissarro, e literatos como Claudel e Zola.

Rexeitados dos Salóns oficiais, fundan a "*Sociedade anónima de pintores, escultores e gravadores*".

Organizan unha exposición colectiva en 1874, de escándalo entre os críticos, un deles, tomando como pretexto un cadro de Monet (*Impresión do sol nacente*) bautizou despectivamente ao grupo como impresionistas. O rexeitamento non foi unánime; a maioría burlábase da súa pintura, se ben houbo defensores que revalorizan o movemento.

- A vida do novo movemento non foi longa. En 1879 comezan as desercións; en pouco tempo disolverase cos seus membros en traxectorias dispares.

- Os ecos durante moitos anos (postimpresionismo, neoimpresionismo...) e a súa valoración cultural e comercial non deixou de aumentar ata hoxe.

Características do IMPRESIONISMO:

Nos anos que estiveron xuntos os impresionistas constitúen un grupo coherente e homoxéneo de CARACTERÍSTICAS COMÚNS:

1. Preferencia pola **pintura ao aire libre:**

- Paixón pola natureza e pintura de plein air; coinciden con outros movementos do S.XIX (Romanticismo, etc).

2. Importancia da **luz:**

- Polas investigacións da cor, deixan o negro pola **paleta clara e luminosa** (rosas, brancos, azuis,) mesmo nas sombras.
- A cor non existe, o importante é a interacción aire/luz, a obsesión por **captar a luz real**.
- A luz é o verdadeiro tema do cadro, non os obxectos.

3. Teoría das **cores:**

- Os descubrimentos na luz e a cor aplicaranse á pintura.
- Traballan con **cores primarias e complementarias**, sen mesturalos na paleta.
- O pintor dispón no lenzo as pinceladas; o ollo do espectador as mesture e "reconstrúa" a luz.

4. Renovación temática:

- Valoración do banal, o **cotián**: Paisaxes, vistas urbanas, naturezas mortas, bailes, ballets, carreiras de cabalos, etc., son os temas predilectos.

5. Técnica:

- De soltura e lixeireza como técnica final, o que antes era o bosquexo.
- Inspirada nos grandes mestres: Tiziano, Velázquez, Rembrandt, Goya que nas etapas de madurez traballan con factura lixeira e abocetada.

- Non todos os pintores coas mesmas características, hai diferenzas:
 - Pincelada miúda e construtiva de Pissarro ou Monet.
 - Alongada e chameante de Van Gogh na súa última etapa.
 - Hai variantes e subgrupos: como o "*puntillismo*" de Seurat ou Signac.

S. XIX. IMPRESIONISMO: MANET e MONET

1. O almuerzo campestre

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** O almuerzo campestre (*Le Déjeuner sur l'Herbe*).
- **LOCALIZACIÓN:** Museo de Orsay, París; Francia.
- **AUTOR:** *Édouard MANET* (1832 - 1883).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** homenaxe á pintura veneciana. Inspirado no *Concerto campestre* de Tiziano (mesma influencia que a *Venus de Urbino* sobre o seu cadro *Olimpia*). É unha afirmación a favor da liberdade individual do artista.
- **ESTILO:** *Pintura francesa precedente do impresionismo.
- **CRONOLOXÍA:** 1863. s. XIX.
- **DIMENSIÓNS:** 208 x 264 cms.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** mestura entre paisaxe con figuras e bodegón. Tema usado por autores anteriores a Manet. Nun bosque aparecen 4 personaxes parisienses que foron a xantar a beiras do Sena. A presenza dun espido feminino con cabaleiros completamente vestidos suscitou controversia cando a obra mostrouse por vez primeira no Salon des Refusés en 1863. O cadro fora rexeitado polo Salón Oficial de 1863. Hoxe considerase a partida de nacemento do impresionismo.
- **OUTRAS OBRAS:** *Olimpia*; *No Café*, *O Bar do Folies Bergère*.

O autor

- Manet era fillo de familia acomodada de París; non necesita vivir da pintura.
- Non participou plenamente no grupo dos impresionistas, mais foi considerado o seu precursor.
- O grupo de impresionistas admirábano pola súa forma de pintar e manter o seu propio estilo, a pesar de ser rexeitado nos salóns.
 - A súa pintura é antiacadémica, racha coa tradición:
 - Polos temas.
 - Pola maneira de aplicar a cor, desprazando o ángulo.
 - Pola técnica, eliminando o acabado final (capa de verniz).
 - Rexeita o academicismo, racha coa tradición, mais inspírase en Velázquez, Goya, Tintoretto ou Tiziano.

Análise

- *O almuerzo campestre* é unha obra contemporánea a *Olimpia*.
- Cadro polémico:
 - Tema: espido feminino (inxustificado), sen alegoría, sen referencia mitolóxica - espazo cotián.
 - Desagradou aos sectores benpensantes da época pola desvergoña de representar modelos reais como Victorine Meured, Ferdinand Leenhoff e Gustave, o cuñado de Monet.
 - A modelo ollá directamente cara ao espectador.
 - Críticas pola falta de relación das figuras e a falta de perspectiva.
- O cadro foi rexeitado polo xurado do Salón de 1863. Foi exposto no *Salón dos Rexeitados* con gran polémica. Considerase a partida de nacemento do impresionismo.

- **TEMA:**

- Homenaxe á pintura veneciana: inspirado no *Concerto campestre* de Tiziano, como a *Olimpia* na *Venus de Urbino* (Tiziano).
 - Perde o significado de Tiziano: alegoría da música e da pintura (idea moderna).
- É probable que o modelo directo fose un gravado de Marcantonio Raimondi *O xuízo de Paris*, (cadro perdido de Rafael), xa que dispón ás 3 figuras cunha colocación idéntica.

- **ANÁLISE FORMAL:**

- Mestura entre PAISAXE CON FIGURAS e BODEGÓN, tema usado por autores anteriores a Manet. Nun bosque aparecen 4 personaxes parisienses que foron almorzar á beira do Sena.
- DESCRICIÓN: Hai 2 homes novos, á moda da época, tombados na herba; charlan cunha muller espida que mira con descaro ao espectador. Ao fondo, unha bañista inclinada sae do río. En 1º plano hai unha natureza morta, de gran virtuosismo (cesta con froitas, chapeu e roupas).

- **COMPOSICIÓN:**

- Ruptura da perspectiva tradicional,
- Tres planos horizontais superpostos:
 - Abaixo: cesta con froitas e a roupa.
 - Medio: tres personaxes
 - Enriba: outra muller.
- Tres escenas organizadas en triángulos, o que agrupa as figuras humanas (punto de fuga na zona de maior luminosidade); baséase na gran V aberta que deixa o centro libre; a mirada vaise cara á rapariga do fondo agachada na paisaxe luminosa.
 - As figuras tamén describen triángulos.
 - Tivo críticas porque as personaxes non se miran.

- Os personaxes aparecen planos, coma se estivesen recortados, colocados na paisaxe, usada como decorado, influencia da arte xaponesa.
- Na natureza morta atense á perspectiva tradicional.
- **LUZ:**
 - Estudo de luz e sombra, desde a luminosidade do fondo, da bañista, ás sombras violáceas creadas polas árbores e, de novo espazo iluminado, no espido, de máis luminosidade.
 - A diferente iluminación da efecto de espazo (Influencia de Velázquez).
 - Foco de luz directa sobre personaxes, tamén típica das estampas xaponesas.
 - Nos corpos falta volume pola ausencia do claroscuro.
 - Para a creación de sombras e luces, sen o negro, empréganse distintos tons verdosos.
- **COR:**
 - A cor está aplicada con grandes manchas de cores planas xustapostas nas zonas claras, cos escuros de forma violenta.
 - Manchas de cor de grande tamaño que se xustapoñen entre si.
 - Modelado e volume non se crean co claroscuro (árbore: sombra coa riqueza tonal do verde).
 - Cores máis importantes: branca e negra (verdes na contorna forestal).
 - A cor suxire o volume, influencia de Tiziano. Os corpos presentan formas recortadas.
- Os fondos e os reflexos están feitos por pinceladas frouxas. Estilo moi orixinal nesta tea; choca coa pintura tradicional.
 - Manet libera a pintura das limitacións académicas.
- O cadro escandalizou polo contido erótico. Tratábase dun espido realista non idealizado, e considerouse vulgar e indecente.

- Mais tamén se lle botou en cara o tratamento formal de grandes manchas de cores planas, a violencia das cores xustapostas e a sensación de bosquejo no fondo, características da pintura veneciana, do Greco, Velázquez ou de Goya (Manet coñecía a súa obra pola Galería Española de París e viaxes por España).

En resumo, podemos considerala unha obra precedente do impresionismo:

- Pintura ao aire libre.
- Motivos cotiáns.
- Modificación da perspectiva (vs. academicismo).

Influiu en Monet quen vai pintar un cadro co mesmo motivo. Tamén en Picasso, que fixo o mesmo en varias ocasións.

2.1. Impresión, sol nacente.

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Impresión, sol nacente.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo Marmottan-Monet, París; Francia.
- **AUTOR:** *Oscar-Claude MONET* (1840-1926).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Ao contrario da pintura clásica, este cadro non narra ningunha historia, é simplemente unha **pura instantánea da realidade** ao modo de como podería realizala un fotógrafo, sen ningún tipo de contido relixioso, mitolóxico ou costumista. Podémolo considerar como antiliterario, sendo o verdadeiro protagonista a luz.
- **ESTILO:** *Pintura francesa - Impresionismo.
- **CRONOLOXÍA:** 1872. s. XIX.
- **DIMENSIÓNS:** 48 cm × 63 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Considerado o primeiro cadro impresionista. Monet actúa como un fotógrafo, encadrando a imaxe e reducindo o ceo para darlle protagonismo á auga e os seus reflexos. Usa un punto de vista máis elevado tomando unha vista en picado.
- **OUTRAS OBRAS:** *A ponte de Argenteuil, As regatas.*

O autor

Monet, é o máis "impresionista" dos pintores do grupo.

Instalouse en 1871 en Argenteuil, aldea da ribeira do Sena a 12 Kms de París, buscando novos temas para a súa pintura, e fuxindo da carestía dos alugueres parisienses.

Alí realizou unha serie de cadros: *Impresión sol nacente, Amencer, A ponte de Argenteuil, As regatas*, etc, nos que a técnica impresionista aparece desenvolta.

Análise

- Monet prescinde dos criterios convencionais de representación.
 - Abandona a práctica académica de perfilar e detallar obxectos.
- A preocupación de MONET é a **luz**, os seus **efectos**: brillos, reflexos, fenómenos atmosféricos.
 - É plasmada a través dunha pincelada lixeira e solta, de factura abocetada.
 - A mariña aparece iluminada por unha luz laranxa filtrada entre nubes, difuminando os perfís das cousas, e reflíctese nas augas da baía.
 - Barcos e guindastres apenas se distinguen; non importan obxectos, nin formas, senón a luz e a harmonía cromática de laranxas, rosas, grises e azuis.
 - É o ollo do espectador quen completa o cadro na retina.
- O cadro dá nome ao movemento. Pretendía reflectir o cambiante dun mundo sen estabilidade, inmerso nunha atmosfera sometida a perpetuo cambio.
- O cadro non é a "xanela aberta á realidade" dos renacentistas; convértese nun ente autónomo no que a natureza é só un pretexto.

En. resumo: primeiro CADRO IMPRESIONISTA, e presenta as características coas que se identifica este estilo pictórico:

1. Interese pola luz, a captación fugaz (o amencer), polo que se precisa unha pintura rápida (bosquexo).
2. Pintura ao aire libre (*plein air*).
3. Técnica de pincelada solta (como Manet, Goya e Velázquez); busca o reflexo sobre as cousas.
4. Irrelevancia do tema (non conta nada). Busca o xogo de brillos e reflexos (tradición holandesa da paisaxe e as luces: Vermeer, do S.XVII).
5. Cores: renuncia ao negro, coloreando as sombras con tons fríos mesturándoos cos complementarios (oposición violetas e laranxas).
 - Coñece a *Lei do contraste simultáneo* (do químico Eugène Chevreul, 1839): a xustaposición de dúas tonalidades complementarias fai que a intensidade de ambas as 2 sexa maior, o que permite abandonar o tradicional sistema de claroscuro.
6. Uso dos avances na descomposición cromática da luz (círculo cromático) e referencias fotográficas (encadre) o conecta coa modernidade.
7. INFLUENCIA: a **fotografía** cambiara a forma de entender a pintura. Xa non é preciso copiar o mundo, a fotografía faíno mellor.
 - A pintura concéntrase noutros motivos: os impresionistas na luz, o cubismo no volume, o fauvismo na cor, o expresionismo nos sentimentos.
 - O impresionismo é o primeiro estilo moderno. A arte faise bohemia, lonxe do público que non entende esta arte non clásica: aquí non hai historia, nin alegoría, nin modelado de claroscuro, nin detallismo, etc.
 - O espectador ten que adoptar un rol activo na obra, é o seu ollo o que remata a composición pictórica.
8. Monet aporta unha xeito de pintar que racha co tradicional sistema perceptivo e representativo.
 - Serviu de base as posteriores revolucións da pintura postimpresionista e vangardista.

2.2. A catedral de Rouen (serie).

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** *A Catedral de Rouen*, serie de pinturas.
- **LOCALIZACIÓN:** Varios museos: Metropolitan Museum, Nova York; Musée d'Orsay, París; Musée Marmottan-Monet París; National Gallery of Art, Washington.
- **AUTOR:** *Oscar-Claude MONET* (1840-1926).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Representación da fachada da catedral. O seu auténtico tema é mostrar os cambios que provoca nas cousas (cores) a diferente iluminación. Amosa a fachada gótica de Rouen a diversas horas do día, con diferentes estados da luz e variados efectos atmosféricos.
- **ESTILO:** *Pintura francesa - Impresionismo.
- **CRONOLOXÍA:** 1892 - 1894.
- **DIMENSIÓNS:** 107 cm × 73.5 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** polo concepto de "*serie*" como grupo de cadros (20) nos que se representa o mesmo con lixeiras variantes; sobre esta catedral pintou aproximadamente uns trinta cadros entre os anos 1892 e 1893, aínda que os asinou coa data de 1894. Reúne as características do impresionismo.
- **OUTRAS OBRAS:** *A ponte de Argenteuil, As regatas, Impresión de sol nacente, serie dos nenúfares*, etc.

O autor

Monet, é o máis "impresionista" dos pintores do grupo.

Instalouse en 1871 en Argenteuil, aldea da ribeira do Sena a 12 Kms de París, buscando novos temas para a súa pintura, e fuxindo da carestía dos alugueres parisienses.

Alí realizou unha serie de cadros: *Impresión sol nacente, Amencer, A ponte de Argenteuil, As regatas*, etc, nos que a técnica impresionista aparece desenvolta.

Análise

- O concepto de "**serie**": grupo de cadros nos que se representa o mesmo con lixeiras variantes. Neste caso, a fachada da catedral de Rouen.
- Elaborado por Monet como un modo de **experimentar sobre a natureza cambiante da realidade**.
- En 1877 xa pintara a serie da *Estación de San Lázaro* e en 1892 inicia unha serie sistemática sobre a Catedral de Rouen.
- Concepto de "**instantánea**" tomado da **fotografía**:
 - Sentado ante ela, Monet inicia unha nova tea cada vez que cambia a luz. Así recolle as transformacións que sofre o monumento por efecto da luz.
 - Monet elixiu diversos emprazamentos elevados, para contemplar con detemento a evolución da catedral baixo distintas condicións de luz e atmosfera.
 - Para identificalos, engade ao título unha clave para saber cando e como pintou. Por exemplo, unha da teas titúlase: "*O portal a pleno sol, harmonía en azul e ouro*". Nela plasma o edificio mostrándonos a aparencia do mesmo. Deste xeito consegue pasar do táctil ao visual.

- Trátase dunha **instantánea**. Pinta un cadro cada vez que varía a **luz** ao longo do día: aínda que a **catedral** mantíñase **invariable**.
 - Monet revela que a luz a transforma completamente.
- A serie está composta por mais de 20 teas, nas que presenta todas as características do IMPRESIONISMO no que se manterá durante toda a súa vida:
 - Principio impresionista do **encadre casual**.
 - Os detalles perden importancia fronte á **luz e a cor**, únicos focos de interese do autor.
 - **Pintura ao aire libre**: para captar e analizar as variacións que produce a luz sobre a natureza.
 - Influencia da **fotografía**. Na composición pode utilizar diferentes encadres.
 - Emprega **cores puras e luminosas**, e as sombras realízanas coa cor complementaria correspondente. Non utiliza a cor negra.
 - Técnica de **pinceladas rápidas e soltas** aplicadas as cores.
 - Temas fundamentais: **paisaxes**, rurais e urbanos. Para mostrar os cambios que provoca nas cousas (cores) a diferente iluminación.
- Reflicte unha idea que se tiña por certa nesa época:
 - Non son as cousas senón as cores ou outros fenómenos que chamamos sensacións os auténticos elementos do mundo.
- O método de análise de Monet é a descomposición dos obxectos que conduce á abstracción na última serie, os **Nenúfares** (1905-09), nos últimos anos de vida, na casa de Giverny, case cego.
 - Monet pinta unha e outra vez os nenúfares do seu xardín xaponés nunha extensa serie na que leva ao extremo as súas experiencias no estudo da luz, desintegrando as formas, transformando os nenúfares en manchas de cor bañadas por luces.

- Non está claro se a abstracción que alcanzou Monet é debida a un proceso de razoamento intelectual (como faría Kandinsky), ou ás súas insuficiencias físicas (cegueira) que o conduciron por necesidade á abstracción.

S. XIX POSIMPRESIONISMO: CÉZANNE; VAN GOGH; GAUGUIN; SEURAT

Denomínanse *posimpresionistas* a un grupo de artistas que, de xeito individual, coinciden con ir alén do impresionismo, buscando unha expresión máis ambiciosa da luz e da cor. Realizan o mellor da súa obra cando o movemento impresionista xa desapareceu.

Cos posimpresionistas (Cezanne, Van Gogh e Gauguin) **rómpease coa tradición da pintura occidental**, experimentando novas formas de representación visual e expresión artística, dando lugar á posterior aparición das Vangardas do S.XX.

Características xerais:

- Abordaxe individual e expresiva en relación ás cores e formas (distáncianse de realismo e impresionismo)
- Danlle unha maior importancia ao simbólico, o persoal, as emocións e os recordos.
 - Buscan conectar co espectador a un nivel máis profundo.
 - Insisten na emoción e na subxectividade, a través de técnicas innovadoras.
 - Afondan na abstracción, abrindo o camiño para unha arte máis abstracta.

- Non existe un único movemento posimpresionista, pódese falar de diferentes tendencias:
 - Puntillismo, Xaponismo, Sintetismo, Cézanne e o Primitivismo.

3. Natureza morta con tarteira

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Natureza morta con tarteira (*Still Life with Compotier*)
- **LOCALIZACIÓN:** Colección Sr. e Sra. Lacomte, París; Francia.
- **AUTOR:** Paul CEZANNE (1839-1906).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** bodegón, natureza morta.
- **ESTILO:** *Pintura francesa postimpresionista.
- **CRONOLOXÍA:** 1879-1882. s. XIX.
- **DIMENSIONES:** 46 X 54 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** uso da natureza morta como campo de investigación na súa evolución pictórica. Teoricamente, este cadro contén os elementos típicos dun bodegón clásico, estratexicamente seleccionados para que o artista poida demostrar a súa mestría ao representar diferentes texturas: o froiteiro de cerámica, diferentes tipos de froita, un farrapo branco, a mesa de madeira, a copa de cristal con auga e o coitelo de folla metálica. Cézanne estivo vinculado ao grupo impresionista; participou nas súas exposicións. Mais a súa técnica era oposta.
- **OUTRAS OBRAS:** *Xogadores de cartas*, *A muller da cafeteira* 1895; *As bañistas* 1906.

O autor

Nos inicios, Cézanne estivo vinculado ao grupo impresionista, participando nas súas exposicións. Mais a súa técnica era oposta:

- Cézanne constrúe as formas e o volume dos obxectos con pinceladas de cor distribuídas por toda a tela.
 - (os impresionistas usaban a luz para desfacer as formas).
- Técnica rotunda, case escultórica.
- Artista lento e metódico, estudiaba concienzudamente cada pincelada, nada que ver coa técnica fluída e espontánea dos impresionistas.
- Pintou paisaxes e bodegóns (as modelos desesperábanse polas horas posando). Das frutas, as favoritas: as mazás, as que mais tardaban en podrecer.
- Un dos principais representantes do postimpresionismo, aportou NOVO ESTILO moi persoal e diferente (de igual xeito que farían outros pintores coma Van Gogh ou Gauguin, postimpresionistas, mais cada un co súa forma persoal de entender e plasmar a pintura).

Análise

- **Descrición:**
 - Trátase dunha natureza morta na que se presentan distintos obxectos e froitas, uvas e mazás, dispostos sobre unha mesa, ou nunha arca segundo parece pola pechadura da parte inferior, ao carón dunha parede empapelada de flores.
- **TEMA:**
 - Totalmente intrascendente (pretexto para a súa reflexión persoal).

- Usa a natureza morta como campo de investigación na súa evolución pictórica.

Partindo do impresionismo, desexa acadar a forma a través da cor:

"Cando a cor alcanza a súa maior riqueza, entón a forma alcanza a súa plenitude".

- **COMPOSICIÓN:**

- Malia o que parece, hai un **completo equilibrio compositivo**(froito da análise analítica de Cézanne para situar os obxectos):
 - Ocupar con todos os obxectos o espazo.
 - Inclinar lixeiramente cara a abaixo a mesa para que todo se vise perfectamente.
- Para superar a perspectiva tradicional, Cézanne emprega 2 perspectivas :alzada e frontal. Algúns elementos vense desde arriba e outros de fronte.
- Non lle interesa a perspectiva xeométrica, nin crear a sensación de espazo:
 - Transmitir o sentido de solidez e volume.
- A preocupación de Cézanne é COMO conseguir plasmar na superficie plana á realidade tridimensional que tiña fronte a os seus ollos.
- Non quería debuxo nin sombreado tradicionais, xa que os consideraba un engano visual.
- **OBXECTIVO:** construír as formas e definir os contornos usando soamente planos de cor.

- **COR:**

- A obra estrutúrase por curtos trazos diagonais, paralelas, case uniformes, distribuídos polo espazo, sendo a cor a protagonista do conxunto.
- A modulación cromática é a responsable das gradacións de luz e sombra.

- Algúns obxectos están distorsionados para establecer unha relación máis estreita entre eles, acadando certa autonomía que conducirá ao cubismo.
- Suxire volume nas froitas xustapondo planos de diferentes cores, mais claros e mais oscuros, sen usar sombras nin degradados.
- Para Cézanne, dar coa forma e cor de cada plano é unha tarefa ardua. Por iso era lento traballando.
- Teoricamente, este cadro contén os elementos típicos dun bodegón clásico, estratexicamente seleccionados para que o artista poda demostrar a súa mestría ao representar diferentes texturas: o froiteiro de cerámica, diferentes tipos de froita, un farrapo branco, a mesa de madeira, a copa de cristal con auga e o coitelo de folla metálica.
- A obra foi adquirida por Gauguin a Ambroise Vollard o que nos indica o grao de aceptación entre os novos artistas.
- Neste cadro comeza a serie de grandes naturezas mortas do último período. É a volta á tradición respecto ás liñas e profundidade da sombra.
- A ruptura coas técnicas tradicionais converteo no PAI da ARTE MODERNA, referente de moitos artistas que chegarían despois (os cubistas).

4. Os xogadores de cartas

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Os xogadores de cartas.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo de Orsay, París; Francia.
- **AUTOR:** Paul CEZANNE (1839-1906).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Pintura de xénero ou costumista; son xogadores dunha partida de cartas; serie de 5 cadros (tema das series, coma os impresionistas) sobre o tema da partida de cartas, que realizou entre 1890 e 1895.
- **ESTILO:** *Pintura francesa postimpresionista. Época de plenitude de Cézanne.
- **CRONOLOXÍA:** 1890-1895 (esta sería a 5ª versión da serie, 1890).
- **DIMENSIÓNS:** 58 X 48 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Cezanne fixo unha serie con este tema empezando con 5 xogadores até ficar reducido a estes dous. O gran obxectivo: o estudo e recuperación das formas. Pola luz artificial que incide sobre a botella e a escuridade insinuada detrás da xanela, a partida desenvolveríase a última hora da tarde
- **OUTRAS OBRAS:** *Natureza morta con tarteira, A muller da cafeteira* 1895; *As bañistas* 1906.

Análise

- DESCRICIÓN:

- Dous xogadores están concentrados mirando os seus naipes , o maior ten a cabeza levantada e o outro a ten máis baixa e rostro máis serio parece preocupado máis tenso porque talvez tóquelle xogar a el ou non ve claro o resultado da partida .

- TEMA:

- Obra afastada do retrato: os 2 protagonistas (nas dúas 1^{as} versións eran 5 e 4) aparecen como ARQUETIPOS atemporais.

-

- SIMBOLOXÍA:

- As cartas máis claras e cabeza máis ergueita parecen indicar o TRIUNFO.

- CORES:

- Predominan as **cálidas**, destacando a ampla gama de **marróns**, desde os claros tons area ata os sepias pasando por marróns avermellados e anaranxados.
- **Contraste de cores** intensifica a **idea de confrontación**: xogador con pipa chaqueta con marróns e malvas, pantalón amarelo, á inversa que o seu contrincante: chaqueta amarela pantalón marrón e malva, sombras violáceas.

- COMPOSICIÓN:

- **Equilibrada**, mais algo asimétrica : a botella con reflexo branco (indicio de luz artificial) parece ocupar o centro pero un pouco desprazada cara á esquerda , detrás intúese a paisaxe.
 - No lado esquerdo personaxe maduro da pipa (xardineiro do seu pai) é lixeiramente maior e aparece completo sentado sobre a cadeira e cun pequeno espazo detrás.

- No lado dereito o personaxe novo está incompleto , xa que logo composición aberta .
- Con dúas diagonais imaxinarias formaríanse catro triángulos:
 - En dous deles quedarían os xogadores coas súas miradas.
 - No triángulo inferior a mesa e no superior a fiestra.
 - O **punto de tensión son as mans e as cartas que é onde se cortan as diagonais.**
- Os brazos están dobrados en ángulo recto e tamén van a converxer sobre a mesa.
- Distorsiona a perspectiva e obtén o máximo grao de centralidade.
- Pintura de formas esenciais, de estrutura consistente e perdurable:
 - **Recuperación da da forma** mediante a **xeometrización** : corpo do xogador maior cilíndrico acabado en oxiva, o brazo tamén cilindro , a botella **cilindro**, o chapeu xogador novo tronco de **cono**.
 - "Todo na natureza está modelado segundo a esfera, o cilindro e o cono."
- **PINCELADA:**
 - Soltas e sintéticas, como o reflexo sobre a botella ou o simple trazo que describe o ollo do xogador da dereita.
- A construción das figuras a base de planos facetados (composición de varios planos) e o colorido sobrio e austero anuncian o cubismo pero na obra alenta tamén o expresionismo, a solidariedade do artista co obxecto pintado.

5. A noite estrelada

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** A NOITE ESTRELADA.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo de Arte Moderna (MOMA), NY, USA.
- **AUTOR:** Vincent Van Gogh (1853-1890).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Natureza. Paisaxe nocturna.
- **ESTILO:** *Pintura postimpresionista.
- **CRONOLOXÍA:** 1889, 1 ano antes da morte.
- **DIMENSIÓNS:** 74 X 92 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** obra mestra do pintor postimpresionista. O cadro realizouno no sanatorio de Saint-Rémy-de- Provence, onde se recluíu cara ao final da súa vida e pintou máis de 150 obras
- **OUTRAS OBRAS:** *A noite estrelada sobre o Ródano* (1888); *Os xirasoís* (1888); *Retrato do carteiro Joseph Roulin* (1888); *Autorretrato* (1887); *Lirios* (1889); *O Dormitorio de Arlés* (1888); *Retrato do Dr. Gachet* (1890); *A igrexa de Auvers-sur-Oise* (1890); *Terraza de café pola Noite* (1888).

O autor

- A pintura como medio de expresión das **emocións**, da personalidade atormentada que proxecta na súa obra de arte (fronte á racionalidade de Cézanne).

- Pintor holandés. Na súa mocidade coñece a Escola de Barbizon e entra en contacto, grazas ao seu irmán, con outros pintores postimpresionistas (Pissarro, Seurat e Gauguin), que influirán na súa pintura, tornándose a súa paleta colorista e adoptando unha visión persoal do postimpresionismo.
- Trasládase a Arles, onde vai ficar definido o seu estilo:
 - Pinceladas dinámicas e vigorosas (expresan a súa axitación interior).
 - Formas simplificadas ("exaxerar o esencial").
 - Cores abstrairias e expresivas.
 - Vehículo para expresar alegrías e depresións
- Tenta crear un grupo dos "impresionistas do Sur", para o que invita á súa casa a outros artistas (Gauguin).
- Comeza a sufrir as crises de saúde mental.
- Trasládase a París (1890), para vivir co seu irmán e logo a Auvers-sur Oise, onde se somete a un tratamento médico.
 - Pinta a paisaxe o seus seus habitantes, buscando captar o espírito. Pintura máis expresiva e lírica, con cores máis brillantes.
- Sentindo o fracaso profesional, suicidárase nese mesmo ano.

Análise

Obra realizada na súa estadía nun sanatorio para doenzas mentais.

Racha coa súa fase impresionista: predominan fortes tons primarios (amarelo), cun significado propio para Van Gogh.

- **TEMA:**
 - Paisaxe elaborada con elementos da memoria do pintor.
 - Dobre representación:

- Paisaxe real que ven dende a xanela do seu cuarto (montes, astros - Sol, Vía Láctea).
- Paisaxe imaxinaria: pobo holandés, coa torre da igrexa e as oliveiras.
- Movería de sitio o ciprés e a igrexa para dar equilibrio á composición.
- **COMPOSICIÓN:**
 - Liña do horizonte moi baixa para dar un maior protagonismo ao ceo.
 - Encadre desde un punto de vista moi baixo.
 - 2 zonas ben diferenciadas (pola liña das montañas): ceo e terra.
 - Terra:
 - Predominan liñas rectas, como nos edificios: cadrados, triángulos, pentágonos (quietude)
 - Liñas de contorna dos edificios resaltadas con trazos de tons escuros.
 - Lembran a *técnica do CLOISONNISMO* técnica postimpresionista inspirada na arte dos esmaltes e das vidreiras.
 - Ceo e vexetación:
 - Predominio liñas curvas e contracurvas.
 - Dúas enormes espirais no ceo, que aportan un grande dinamismo.
 - Contraponse coa estabilidade da torre e do ciprés.
 - **Profundidade:**
 - A verticalidade do ciprés fronte ao reducido do pobo crea o efecto de profundidade.
 - **COR:**
 - Utiliza as cores desta etapa (primavera 1889): malvas, morados e amarelos.
 - Contraste amarelo (pasional) fronte aos azuis (tranquilidade, silencio).

- Amosan estado eufórico do artista, antes da súa final recaída.
- **PINCELADA:**
 - Chea de pasta.
 - Trazos alongandos (sobre todo no espazo do ceo).
- **RITMO:**
 - A composición, o uso das cores, inducen o ollo do espectador a se mover contastamente seguindo as liñas sionuosas. Dinamismo.

A súa obra, pouco estimada no seu tempo, ten alta cotización no mercado artístico actual.

6. Visión despois do sermón

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Visión despois do sermón.
- **LOCALIZACIÓN:** National Gallery of Scotland. Edimburgo. GB.
- **AUTOR:** Paul GAUGIN (1848-1903)
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Temática relixiosa: O cadro representa a un grupo de campesiñas bretoas á saída da igrexa. Contemplan, nunha visión entre o soño e a realidade, a loita de Xacob contra o anxo que o sacerdote lles relatara. O cadro, é de tema relixioso con elementos locais, tratado de xeito persoal e simbólico.
- **ESTILO:** *Pintura francesa postimpresionista.
 - Gauguin pertenceu ao grupo de pintores que partindo de premisas impresionistas, potencian un estilo persoal e innovador que dará paso ás vangardas artísticas, son os chamados postimpresionistas.
- **CRONOLOXÍA:** 1888.
- **DIMENSIÓNS:** 73 x 92 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Pintado na estancia en Bretaña, rexión na que residiu algún tempo fuxindo de París, da crítica e dos convencionalismos da vida social e cultural da capital. En Bretaña realiza un cadro de temática relixiosa para doar a unha igrexa local.
- **OUTRAS OBRAS:** *Nadal* 1896; *Autorretrato*, 1894; *O mercado (Ta Matete)*.

O AUTOR

- De educación burguesa e formación artística temperá, escapará da súa acomodada vida en París para desenvolver a súa vocación artística.
- Namorado do PRIMITIVISMO de Bretaña e dos Mares do Sur, abandonará a Francia continental, para se instalar en Tahití en 1891. Instalado definitivamente en 1895; a causa das autoridades fuxirá ás illas Marquesas.
- As súas ideas de **liberdade** e **independencia** impóñense e as súas procuras son insaciáveis; esta actitude é a que se valora como **fundamento da arte moderna**.

Pertenceu ao grupo dos postimpresionistas, os pintores que partindo de premisas impresionistas, potencian un estilo persoal e innovador que dará paso ás vangardas artísticas.

Podemos destacar:

- **Temas:**
 - Predominan as **visións alegóricas**.
 - As mulleres son o seu motivo iconográfico fundamental.
 - Retratos de amigos e autorretratos.
 - Transmitir a beleza: espírito indíxena do bo salvaxe. Buscar a tenrura dos xestos. SIMBOLISMO.
- **Técnicas:**
 - Aborda diferentes técnicas (pintura ao óleo, tapices, gravados, esculturas, etc.). En espeical os esmaltes (interese na arte medieval).
 - Simplificar as formas e exaltar a cor.
 - CORES fortes, vivas, puras, cores planas e as veces arbitrarias, fóra da realidade. Liberade na cor (inspirará á Vangardas - fauvismo).
- **Composicións:**

- Simplificadas (antecedente do SIMBOLISMO). Rexeita a perperspectiva.
- Espazos con fondos pechados sobre os que resaltan formas planas e liñas definidas.

Análise

- Tema:
 - En BRETAÑA realiza un cadro de temática relixiosa para doar a unha igrexa local. O cadro representa a un grupo de campesiñas bretoas á saída da igrexa. Contemplan, nunha visión entre o soño e a realidade, a loita de Xacob contra o anxo que o sacerdote lles relatara.
 - O cadro -de **tema relixioso con elementos locais**-, é **tratado de xeito persoal e simbólico**. As mulleres bretoas, de traxe negro e cofia branca, levan o típico traxe bretón, o porte é de gran tamaño. Enfronte do grupo hai unha vaca máis pequena.
 - Gauguin elixe o tema da loita de Xacob contra o anxo: Xacob tentara enganar ao seu pai e quitarlle a primoxenitura ao seu irmán Esaú; foi expulsado do seu fogar até que recupérase o camiño do Señor.
 - GAUGUIN plasma un dos sufrimentos que pasou Xacob para recuperar o favor de Deus e da súa familia: aparece loitando cun anxo enviado por Yahvé, quen lle revelou o seu novo nome ISRAEL.
- **COMPOSICIÓN:**
 - Renuncia á perperspectiva tradicional: tamaño as mulleres da parte inferior fronte ao tamaño da vaca.
 - Póla de maceira divide diagonalmente a composición, na outra metade aparece a loita de Xacob co anxo. Xacob leva unha túnica negra e pelo negro que contrasta co anxo louro de túnica azul e grandes ás amarelas.

- A obra é clave para entender as premisas da pintura de Gauguin: o encadre, cos rostros das mulleres en 1º plano, é insólito e denota a **influencia da fotografía**.
- Tamén pódese observar unha influencia da **estampa xaponesa**, como en moitos outras artistas impresionistas e postimpresionistas. Neste caso en concreto: *Xardin de ameixeiras en Kameido*, de Hiroshige.
- **CORES:**
 - Planas, sen tons nin matices, arbitrarias, son **simbólicas** sen relación coa realidade (o prado é vermello) crean unha paisaxe autónoma e fantástica, precursor do fauvismo.
 - Cores dipostas coma un mosaico, unha vidreira ou un esmalta (técnica do *cloisonné*).
 - Interpreta a realidade coma un estado onírico. Influencia no Simbolismo e Surrealismo.
 - O cadro é unha creación, expresión do mundo íntimo do pintor, das vivencias e sentimentos.
- **FORMAS:**
 - Defínense con claros trazos negros na contorna.
 - Grosas liñas que illan as figuras e obxecto, outorgándolles case un carácter escultórico.
 - Non mostrar a realidade: a pintura é un medio para que o pintor cre unha nova realidade, inexistente.
 - Primitivismo:
 - Símbolo da relixiosidade e da fe absoluta destas mulleres bretoas, un trazo dos pobos rurais e do primitivismo que tanto buscaba.
 - Refórzao coa sinxeleza da composición, co recurso á emoción.

O camiño á arte contemporánea está aberto.

7. O mercado

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** TA MATETE(O MERCADO).
- **LOCALIZACIÓN:** Kunstmuseum, Basilea; Suíza.
- **AUTOR:** Paul GAUGIN (1848-1903)
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Trataría dunhas prostitutas do mercado de Papeete; é probable que quixese indicar a influencia e o papel negativo da irrupción dos occidentais nos Mares do Sur.
- **ESTILO:** *Pintura francesa postimpresionista.
 - Primeira estancia na Polinesia. Gauguin pertenceu ao grupo de pintores que partindo de premisas impresionistas, potencian un estilo persoal e innovador que dará paso ás vangardas artísticas, son os chamados postimpresionistas.
- **CRONOLOXÍA:** 1892.
- **DIMENSIÓNS:** 73 x 92 cm. Pequeno formato.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** É clara a influencia compositiva da arte exipcia, para PG "a arte primitiva máis sabia de todas"; recoñecible a influencia nas pernas e cabezas de perfil e tronco de fronte; e tamén nas 2 figuras detrás: parecen sacadas dos relevos exipcios. A composición é aberta; a figura á nosa dereita é incompleta, posible influencia dos encadres da fotografía.
- **OUTRAS OBRAS:** *Nadal* 1896; *Autorretrato*, 1894; *Visión despois do sermón*.

Análise

- TEMA:

- Cadro costumista, cotiá (un mercado).
- A escena parece estar protagonizada por unhas prostitutas que se ofrecían no mercado de Papeete, xa que logo é probable que o autor quixese indicar a influencia e o papel negativo da irrupción dos occidentais naqueles Mares do Sur.
- As figuras non teñen volume ou corporeidade e recórtanse, case planas, sobre o fondo.
 - Técnica: Primeiro realiza a silueta ou debuxo da figura , tal como facíase na arte das vidrieras (cloissonismo) e logo reenche este contorno de cores planas.

- COR:

- Intensas: amarelos , laranxas , vermellos , azuis ou grises que contrastan co marrón dos rostros.
- Planas sen gradacións.
- Certa arbitrariedade: non corresponden coa natureza, senón coa imaxinación (troncos das árbores azul-morado, no chan do primeiro plano alaranxado, no ceo do fondo amarelo).

- COMPOSICIÓN:

- Clara influencia da **arte exipcia** que o autor dicía que era " a arte primitiva máis sabia de todas". É reconocible esta influencia nas pernas e cabezas de perfil e tronco de fronte e tamén nas dúas figuras que se atopan detrás que parecen sacadas dos relevos exipcios.
- **Aberta** cunha figura á nosa dereita incompleta probable influencia da fotografía. Nesta mesma figura o detallado pareo é influencia da arte

xaponesa, tamén presenta dobre perspectiva por unha banda frontal no pareo e por outra o pé parece captado desde o alto.

- Dobre perspectiva por unha banda frontal no pareo e por outra o pé parece captado desde o alto.
- Non existe movemento, nin tampouco expresión.
 - O primitivismo dos xestos, a paisaxe e as cores transmiten serenidade e frescura fronte á cultura occidental.

8. A tarde de domingo na grande Jatte

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** A tarde de domingo na grande Jatte.
- **LOCALIZACIÓN:** Instituto de Arte de Chicago, USA.
- **AUTOR:** Georges Pierre SEURAT (1859-1891).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** bodegón, natureza morta.
- **ESTILO:** *Puntillismo ou neoimpresionismo*; Posimpresionista. Os puntillistas e postimpresionistas pretender volver a unha pintura máis científica e menos espontánea
- **CRONOLOXÍA:** ca. 1884.
- **DIMENSIÓNS:** 207 X 308 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Fronte á espontaneidade dos impresionistas, este cadro de gran formato é o resultado dunha longa elaboración no seu estudo; 2 anos, de bosquejos e estudos.
- **OUTRAS OBRAS:** *O circo; Os bañistas; O estudo.*

Exposto por 1ª vez na 8ª exposición impresionista de 1886. Fronte á espontaneidade impresionista, a elaboración desta obra levoulle a Seurat 2 anos de traballo (análise metódico).

O autor

- Seurat é un dos grandes representantes da corrente neoimpresionista coñecida como **puntillismo** ou como preferían eles **divisionismo** (o outro será Signac).
- Os puntillistas pretender volver a unha pintura máis científica e menos espontánea. O seu punto de partida ten como punto de partida a **teoría da lei de contraste simultáneo de Chevreuil**:
 - Existen 3 cores primarias: amarelo, vermello e azul.
 - Existen 3 cores secundarias : o violeta, o verde e o laranxa; consecuencia da súa mestura.
 - As cores complementarias son aquelas entre os que se da maior contraste. Cada cor primaria ten como complementario a secundaria da que non formou parte.
 - Exemplo: *Se mesturamos os primarios azul e amarelo o secundario será o verde logo o complementario será o vermello. Cada cor primaria ten como complementario a secundaria da que non formou parte*.
 - Chevreul descubriu que unha cor rodeada doutra cor, verase distinto dependendo da cor que a rodee.
- Seurat sostiña que a cor e as liñas compositivas creaban diferentes emocións:
 - Cores cálidas e liñas ascendentes contribuirían á alegría.
 - Cores frías e liñas descendentes contribúen á tristeza ou melancolía.
 - Equilibrio de ambas composicións á calma.
- Foi unha persoa comprometida coa investigación.
- Obra escasa, posto que faleceu moi novo (31 anos). Tamén porque traballaba con moita meticulosidade.

Análise

- **TEMA:**

- Costumista, cotiá. Tema coma escusa.
 - A escena sitúase na illa da Gran Jatte espazo xunto ao Sena que pasou de ser lugar industrial a lugar de recreo axardinado no que os parisinos entretense paseando, bañándose, pescando, xogando os nenos, etc.
 - Aparecen unhas 40 persoas, nun cadro de grande formato:
 - Á nosa dereita, unha parella na que a muller sorprende porque leva como mascota un mono capuchino. Este feito a identifica como prostituta; o mono asóciase coa luxuria e a libertinaxe; parece respectable do brazo do cabaleiro.
 - Xunta a ela unhas nenas, e xunto a unha árbore unha parella na que a muller agarra do pescozo ao home. Neste detalle obsérvase ben a técnica do puntillismo.
 - Detrás da personaxe coa trompeta, xunto á beira, vemos a outras mulleres pescando; feito de contido erótico, tal vez esperando pescar aos soldados.
 - Na sombra, un home con chistera e a muller, semellan de clase alta. Outro personaxe semella de clase baixa. Están unidos no gozar do parque pero separados na realidade do día a día.
- **COMPOSICIÓN:**
 - **Simétrica**, sendo o eixe a muller con sombrilla vermella e saia rosa de forma cilíndrica e aberta deixando sen pechar sobre todo o espazo do río.
 - **Estática**, ao que contribúen os esquemas construtivos especialmente verticais das figuras, dos troncos das árbores e tamén horizontais.
 - Estas liñas estáticas se atenúan algo coas curvas das sombrillas e os vestidos das mulleres.
 - O punto de fuga atoparíase no horizonte entre as árbores.

- Figuras con **pouco volume**:
 - Tendencia á **simplificación** e certa **xeometrización** como cilindro ou esfera, delimitadas por liñas.
 - Afástase do dinamismo dos impresionistas o cadro parece algo ríxido, con falta de movemento.
 - Quietude e estatismo que lembra os frisos clásicos.
 - Con todo algúns feitos desconcértannos como a circunstancia de que algunhas árbores máis afastadas parezan máis nítidos que os máis próximos.
- **LUZ**:
 - Primeiro plano en sombra mentres que o resto está iluminado circunstancia que acentúa a profundidade.
 - Efecto de profundidade constrúese tendo en conta que a pintura ha de ser observada desde a dereita como en ángulo oblicuo e non de fronte.
 - O contraste como se dixo antes entre un primeiro plano sombreado e un fondo luminoso e a propia recesión polo xeral das figuras crean o sentido da profundidade.
- **COR**:
 - Aspecto central do cadro, onde Seurat aplica as teorías científicas.
 - Representaba puntos moi pequenos de cores puras sen mestura que se unificaban na retina do espectador, así por exemplo un azul e amarelo formarían na retina un verde.
 - Estudo analítico e probas para separar e dividir os elementos individuais da cor: cores primarias e secundarias, complementarias, etc.
 - É a retina do espectador quen ten a tarefa de sintetizarlos e unilos.
 - Para conseguir este obxectivo a obra debe ser contemplada a certa distancia.

- Na zona luminosa. tons cálidos (amarelos, vermellos e laranxas), mentres que na zona sombreada, tons fríos (azuis, verdes, morados).
- Curiosidade: *un dos pigmentos utilizado por Seurat foi o amarelo de zinc que non tivo os efectos buscados xa que rápidamente empezou a transformarse nun ton marrón.*

Seurat, comprometido coa investigación, faleceu moi novo aos 31 anos; a súa obra foi escasa, pola meticulosade coa que traballaba.

Hoxe o puntillismo vémosto ver na TV, no computador ou nas revistas: os chamamos pixels; se nos achegamos a un televisor ou a unha revista de cores poderemos ver a combinación de puntos.

9. A idade madura

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** L'age mûr ou A Idade madura.
 - Conxunto escultórico.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo d'Orsay, París; Francia.
- **AUTOR:** Camille CLAUDEL.
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Temática simbólica, o paso da xuventude á madurez e a espera da morte.
 - Poderíamos considerar que o home, tras o paso do tempo, está a se afastar da mocidade quen é representada como a muller nova implorante, para deixarse levar pola madurez, personificada como a muller de peor aparencia
- **ESTILO:** Pódese encadrar estilisticamente dentro do NATURALISMO E IMPRESIONISMO SIMBÓLICO ou alegórico.
- **CRONOLOXÍA:** 1898-1899.
- **DIMENSIÓNS:** 121 x 181.2 x 73 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** bronce. Técnica do baleirado (previo moldeado en xeso e posterior fundido a bronce).
- **CARACTERÍZASE:** *A idade madura* é unha das súas esculturas máis famosas na que aparece unha figura feminina axeonllada tentando agarrar a un home que leva unha muller adulta con rostro sinistro. Toda unha alegoría da súa existencia. Esculpiuna pouco tempo despois de romper con Rodin.
- **OUTRAS OBRAS:** *Sakountala* ou *o abandono*; *Vertumnus e Pomona*, *La valse*.

A autora

- CAMILLE CLAUDEL (1864-1943) estivo, sempre á sombra do seu mentor e amante Auguste Rodin. De talento equivalente, se di que axudou a dar forma a algunhas das grandes obras do mestre (ou que este as roubou). Se Claudel nacera home, o seu recoñecemento sería outro.
- Temprana vocación de escultora, non atopou o apoio familiar, quen a vían como esposa, nai e «artista do fogar».
- Con 17 anos, admitida nunha Academia de Arte parisiense, Auguste Rodin decatouse do talento e entra na súa vida como un terremoto. De alumna do xa maduro escultor converteríase na súa musa e amante.
- O talento de Claudel era evidente. Por envexa e machismo da época foi obxecto de comentarios que poñían en dúbida a súa capacidade artística.
- A sombra de Rodin provocou unha relación de amor/odio. Amaba o mestre, mais tamén o odiaba por recibir el todo o recoñecemento, encargos e encomios. Ela so era a alumna e amante.
- Claudel abandonará a Rodin e acabaría con problemas psicolóxicos, sendo obrigada a se internar nun psiquiátrico, co diagnóstico oficial de *«teima persecutoria e delirios de grandeza»*. 30 anos de inxusta reclusión sen visitas. Morreu sen realizar unha soa obra mais.
- Deixou unha obra de enorme talento. O seu naturalismo tiña trazos de impresionismo e simbolismo, buscando sempre a emoción que se traduce nun exquisito dramatismo grazas a un perfecto dominio das técnicas e á súa enorme sensibilidade.
- Grazas a ela, demostrouse que é posible esculpir a emoción.

Análise

- ICONOGRAFÍA:

- COmponse de tres partes constituídas polos personaxes, pódese observar a un home que intenta chegar a unha musa sendo atrapado por unha bruxa.
- A forma de representar o corpo humano por parte de Claudel é inaudita, consegue recrear a beleza en si mesma. Podemos ver a influencia de artistas como Rodin ou Boucher debido á súa forma realista no trato do corpo humano.
- A figura do home, é acollida por unha muller de aparencia desagradable, grazas a un mal xesto facial e gran cantidade de engurras, quen o abraza mentres que detrás queda unha figura no chan implorante, separada do corpo principal que consegue transmitir ese patetismo buscado.
- A muller situada no chan busca alcanzarlle pero non o consegue, a súa intención é afastarlle da bruxa que quere facer seu.

- INTERPRETACIÓN:

- Poderíamos considerar que o home, tralo paso do tempo, está afastándose da mocidade quen é representada como a muller nova implorante, para deixarse levar pola madurez, personificada como a muller de peor aparencia.
- Tamén poderíamos interpretar a obra seguindo as idades do home. Tras madurar, damos paso á vellez abandonando a mocidade.
- **Máis probable, historia persoal da artista, autobiográfica:**
 - O home representa a Rodin mentres que a bruxa remite a Rose Beurut, quen supuxo un obstáculo entre a artista e o seu admirado ensinante, mentres que o personaxe atrasado na

marcha, recorda á mesma Camille suplicando a relación co artista.

-ANÁLISE FORMAL

- Composición ten unha forma ****diagonal****, acentuada polas extremidades das figuras e os corpos que descendeen caéndose.
- Soporte: chan pouco traballado.
 - Transmitir a idea de erosión (non firmeza).
- Figuras transmiten paixón e acción. DINAMISMO:
 - Tratamento das vestimentas axitadas, parece que vaían separarse en calquera momento, xa que capta o instante anterior da separación dos corpos.
 - Figuras espidas están envoltas en drapeados que acentúan a rapidez da marcha. As grandes oblicuas convergen en perspectiva.

Así falaba dela Paul Claudel: [...] esa rapaza espida é a miña irmá. A miña irmá Camille, implorante, humillada, de xeonllos, ela tan soberbia, tan orgullosa, e sabes que o que se lle está quebrando, nese mesmo instante, diante dos vosos ollos, é a súa alma.

O conxunto lembra ao estilo dos bronce de Rodin. Hai teorías que sosteñen que iso se debe á obsesión que Camille polo escultor, polo que imita a súa obra. Outras opinan do revés, a obra de Rodin impregnause do estilo de Camille.